

Primaria

APRENDER É CRECER

XUNTOS 1

Programación

Unidade 10

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Astronauta semanal

Descrición da unidade

A última unidade deste trimestre ten como lectura inicial un poema, “Astronauta semanal” do libro *Poemas con piruletra* de Carlos Fontes. O poema serve para repasar de forma lúdica e amena os días da semana. Nestas idades convén repasar a medida do tempo de xeito habitual porque é algo que os nenos e nenas aprenden de xeito paulatino e, mesmo algúns poden ter certas dificultades para situarse na dimensión temporal.

No que se refire á estrutura da unidade, estudaremos os réptiles e os anfibios, xunto coa atmosfera e o sistema solar, na área de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais; na área de Lingua, remataremos aquí o estudo dos grupos consonánticos, neste caso *cr, cl, gt, gl*; na epígrafe **Estudo a lingua**, traballaremos o nome. Na epígrafe **Falo e escribo**, que pretende ser unha ferramenta eficaz para iniciar o traballo coa habilidade produtiva oral e escrita, imos ver a estrutura da noticia, atendendo aos elementos máis singulares, como o titula e o corpo, e o diario persoal como primeiro paso para que os nenos aprendan a escribir sobre e para si mesmos.

Temporalización:

Marzo:

2. OXECTIVOS DIDÁCTICOS

LINGUA

- escoitar e comprender un poema de forma oral e poder ler o extracto escrito que se incorpora na páxina inicial da unidade.
- Ler con fluidez e pronunciando correctamente palabras, frases e textos breves formadas cos grupos consonánticos estudados (*cr, cl, gr, gl*), e todos os vistos anteriormente.
- Escribir con corrección as vogais e as consoantes, atendendo a un criterio caligráfico.
- Completar frases e pequenos textos.
- Ler con eficacia frases e textos e responder axeitadamente ás preguntas de comprensión lectora.
- Interiorizar, de forma non teórica, o concepto de nome.
- Coñecer os dous elementos básicos da noticia (titular e corpo) e redactar breves diarios persoais.
- Enriquecer o vocabulario referido ás árbores e aos animais, en especial, aos insectos.

CIENCIAS DA NATUREZA

- Coñecer as principais características dos insectos e identificar algúns.
- Distinguir as principais características dos réptiles e identificar algúns.

CIENCIAS SOCIAIS

- Identificar algunhas características do aire e os prexuízos da contaminación.

- Coñecer nocións básicas sobre o Sol, a Lúa e as estrelas.
- Diferenciar entre o día e a noite.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

LINGUA

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> • Lectura. <ul style="list-style-type: none"> • Poema: <i>Astronauta semanal</i> • Comprensión da lectura. • Os grupos consonánticos: <i>cr, cl, gr, gr.</i> • Obradoiro de escritura • Estudo a lingua. <ul style="list-style-type: none"> • O nome. • Falo e escribo. <ul style="list-style-type: none"> • A noticia e o diario. • Tarefa. <ul style="list-style-type: none"> • As nosas árbores. 	1. escoitar, ler e comprender un poema.	1.1. escoita e comprende un poema. 1.2. Le o poema da lámina inicial 1.3. Identifica feitos do poema de forma correcta. 1.4. Aprende os días da semana.
	2. Recoñecer auditivamente os grupos consonánticos <i>cr, cl, gr, gr.</i>	2.1. Recoñece os grupos consonánticos e a súa localización na palabra.
	3. Ler con fluidez e pronunciando correctamente palabras e pequenos textos cos grupos consonánticos estudados	3.1. Le con fluidez e pronunciando correctamente palabras e frases formadas cos grupos consonánticos.
	4. Escribir con corrección palabras e frases formadas cos grupos consonánticos estudados	4.1. Escribe con corrección palabras e frases formadas cos grupos consonánticos estudados.
	5. Interioriza, de forma non teórica, a categoría gramatical do nome	5.1. Recoñece o nome.
	6. Identificar a noticia e as partes máis relevantes (titular e corpo) e elaborar un diario persoal de acordo cunhas pautas para ordenar e expoñer a información.	6.1. Identificar a noticia e as súas partes. 6.2. Elaborar de forma breve un diario persoal de forma pautada e ordenada.
	7. Ler e comentar datos sobre as árbores autóctonas.	7.1. Le e comenta datos sobre as árbores autóctonas. 7.2. Observa os datos nunha táboa de dobre entrada.

CIENCIAS DA NATUREZA

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis
<ul style="list-style-type: none"> • Características e formas de vida de distintos tipos de animais: os insectos e os réptiles. • Observación directa e indirecta de animais. Clasificación segundo elementos observables, identificación e denominación. • Os animais do contorno natural. • As relacións dos seres humanos cos animais e os cuidados que estes necesitan para vivir 	1. Recoñecer e clasificar con criterios elementais os insectos e os réptiles, aplicando a información obtida a través de diversos medios.	1.1. Identifica as principais características dos insectos e dos réptiles.
	2. Realizar observacións de animais utilizando instrumentos como a lupa.	2.1. Utiliza a lupa para recoñecer e identificar determinados aspectos dos animais.
	3. Mostrar interese pola observación e o estudo dos animais do contorno.	3.1. Mostra interese pola observación e o estudo dos animais.
	4. Mostrar hábitos de coidado e respecto polos animais.	4.1. Manifesta hábitos de coidado e respecto polos animais.

CIENCIAS SOCIAIS

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis
<ul style="list-style-type: none"> • O aire: elemento imprescindible para os seres vivos; características; o vento. • A contaminación e o coidado da natureza. • O Sol, a Lúa, as estrelas. 	1. Coñecer a composición do aire e as principais características, comprendendo que é un elemento imprescindible para a vida e entendendo que é e como se produce o vento.	1.1. Investiga como é o aire e comproba que non ten forma. 1.2. Explica que é o vento e coñece algúns obxectos que se moven impulsados por el, como o viraventos.
	2. Valorar a importancia do aire, desenvolvendo estratexias para reducir ou evitar a contaminación.	2.1. Recoñece os aspectos positivos e negativos das actuacións humanas no ámbito físico e expresa a súa opinión.
	3. Observar, pescudar e coñecer algunhas características do Sol, a Lúa e as estrelas, describindo algúns fenómenos cotiáns, como o día e a noite.	3.1. Identifica algunhas das características do Sol e recoñece a súa importancia. 3.2. Investiga sobre fenómenos naturais, como o día e a noite, e a Lúa, as estrelas e o Sol.

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

LINGUA

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita e comprende un poema.	<ul style="list-style-type: none"> • Audición do poema <i>Astronauta semanal</i> da páxina inicial. • Actividades do LD sobre o texto que inicia a unidade e animación sobre as imaxes.
1.2. Le o poema da lámina inicial.	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura do texto que se inclúe na lámina inicial.
1.3. Identifica feitos do poema de forma correcta.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade da epígrafe “Comprendo a lectura” para identificar feitos relevantes do relato.
1.4. Aprende os días da semana.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade da epígrafe “Intelixencias múltiples” para recordar e aprender os días da semana. • Ampliación de contidos para estudar os días da semana cos poemas de Marc Granell, <i>O luns xa está moi farto</i>, e a canción de Vinicius de Moraes, <i>Tic, tac</i>; adiviñas, retrousos, etc. Incluídos na PD
2.1. Recoñece os grupos consonánticos e a súa localización na palabra.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades do LA. • Actividades da PD. • Actividades do LD. • Actividades de reforzo (R) e ampliación (A).
3.1. Le con fluidez e pronunciando correctamente palabras e frases formadas cos grupos consonánticos.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades do LA. • Actividades da PD. • Actividades do LD. • Actividades de reforzo (R) e ampliación (A).
4.1. Escribe con corrección palabras e frases formadas cos grupos consonánticos estudados.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades do LA. • Actividades do “Obradoiro de escritura” do LA. • Actividades da PD. • Actividades do LD. • Actividades de reforzo (R) e ampliación (A).

5.1. Recoñece o nome.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades do LA. • Actividades e recitado popular (<i>Unha e unha dúas...</i>) na PD . • Actividades do LD. • Actividades de reforzo (R) e ampliación (A).
6.1. Identificar a noticia e as súas partes.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de redacción do LA. • Actividades e cantiga popular relacionada coa noticia (<i>Este era un gato...</i>) na PD. • Actividades do LD.
6.2. Elaborar de forma breve un diario persoal de forma pautada e ordenada.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de redacción do LA. • Actividades da PD. • Actividades do LD.
7.1. Le e comenta datos sobre as árbores autóctonas.	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura e/ou audición do texto do LA. • Realización das actividades do LA. • Ampliación de contidos cos poemas de Jorge Sousa, <i>As árbores e os libros</i>, e de Flor Yáñez, <i>Instrucións para nomear unha árbore</i>, na PD
7.2. Observa os datos nunha táboa de dobre entrada.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación da táboa de dobre entrada de datos do LA. • Realización das actividades do LA.

CIENCIAS DA NATUREZA

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Identifica as principais características dos insectos e dos réptiles.	<ul style="list-style-type: none"> . Selección de actividades do LA. . Actividades e xogos propostos na PD. . Actividade de traballo cooperativo <i>Xogo de palabras</i> da PD. . Fichas de reforzo e de ampliación dos RF.
2.1. Utiliza a lupa para recoñecer e identificar determinados aspectos dos animais.	<ul style="list-style-type: none"> . Selección de actividades do LA.
3.1. Mostra interese pola observación e o estudo dos animais.	<ul style="list-style-type: none"> . Selección de actividades do LA. . Actividades propostas na PD. . Fichas de reforzo e de ampliación dos RF.
4.1. Manifesta hábitos de coidado e respecto polos animais.	<ul style="list-style-type: none"> . Selección de actividades do LA. . Actividades propostas na PD.

CIENCIAS SOCIAIS

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Investiga como é o aire e comproba que non ten forma.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades e xogo propostos na PD.
1.2. Explica que é o vento e coñece algúns obxectos que se moven impulsados por el, o viraventos.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades propostas na PD.
2.1. Recoñece os aspectos positivos e negativos das actuacións humanas no contorno físico e expresa a súa opinión.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas na PD.
3.1. Identifica algunhas das características do Sol e recoñece a súa importancia.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas na PD. • Ficha de reforzo dos RF.
3.2. Investiga sobre fenómenos naturais, como o día e a noite, e a Lúa, as estrelas e o Sol.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas na PD.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos.	Pregunta o significado das palabras que non comprende.
	Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás.	Escrebe textos sinxelos como un diario persoal de forma ordenada e pautaada.
	<i>Plan lector.</i> Gozar coa lectura.	Comprende os textos de lectura da unidade: conto, poemas, cantigas...
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	Manexar a linguaxe matemática con precisión.	Interpreta a información nunha táboa de dobre entrada.
	Reservar preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.	Manifesta actitudes de respecto ante os animais e as plantas.
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para buscar información.	Identifica animais e árbores autóctonas en imaxes, documentais, etc.
<i>Aprender a aprender.</i>	Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.	Verbaliza os pasos que segue para resolver unha actividade.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Intelixencia visual.	Expresa con liberdade a propia creatividade.
<i>Sentido da iniciativa e espírito emprendedor</i>	Comunicar o entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de acadar obxectivos.	Móstra interese polo traballo de grupo.
	Participar nas dinámicas e xogos de grupo.	Aprende xogos tradicionais e prácticos cos compañeiros.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo para a resolución de conflitos.	É respectuoso cos seus compañeiros.
	<i>Educación en valores:</i> A puntualidade.	Ser organizado e coidadoso para facer as cousas ou chegar a un lugar a tempo e á hora marcada.

<p><i>Conciencia e expresións culturais.</i></p>	<p>Informarse sobre aspectos do noso contorno natural e dos hábitats e especies en perigo.</p> <p>Aprende cancións populares e xogos, propios do patrimonio popular galego.</p>	<p>Infórmase sobre as especies en perigo da nosa Comunidade.</p> <p>Descubre e xoga coas cantigas e lendas tradicionais.</p> <p>Aprende algún retrouso, xogo ou encadeado para aumentar a bagaxe cultural e recoñecer o patrimonio oral da lingua galega.</p>
--------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: Gozamos coa lectura do texto “Astronauta semanal”

- Lemos o poema «Astronauta semanal» e observamos as imaxes da lámina inicial; tamén podemos activar a animación do LD.
- Seguimos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA e do LD.
- Realizamos as actividades, para ampliar os contidos da PD.
- Realizamos as actividades interactivas do LD.

Tarefa 2: Aprendemos as letras

- Coñecemos os grupos consonánticos *cr, cl, gr, gl* coas diferentes actividades de discriminación visual, auditiva, expresión oral e escrita do LA.
- Realizamos as actividades do LD
- Realizamos as actividades da PD, que se amplían con poemas, adiviñas, xogos e trabalinguas.

Tarefa 3: Coñecemos os insectos e os réptiles.

- Observamos o mural *Insectos e réptiles* coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA.
- Realizamos actividades complementarias, xogos e traballo cooperativo da PD.
- Completamos con actividades interactivas do LD.

Tarefa 4: Aprendemos a lingua: O nome

- Coñecemos o nome e realizamos as actividades do LA seguindo as suxestións da PD.
- Realizamos as actividades do LD
- Realizamos as actividades da PD, que se amplían con poemas, adiviñas, xogos e trabalinguas.

Tarefa 5: Estudamos sobre o aire, o día, a noite, o Sol, a lúa e as estrelas.

- Observamos o mural *O sol e a lúa* coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA.
- Realizamos actividades complementarias e xogos da PD.
- Completamos coa ficha de reforzo e a de ampliación dos RF de Ciencias.

Tarefa 6: Expresámonos oralmente e por escrito: A noticia e o diario

- Realizamos as diferentes actividades do LA para distinguir a noticia e as súas partes e elaboramos de forma concisa un diario persoal. Seguimos as indicacións da PD para explicarlles as pautas que deben seguir e a orde da información.
- Realizamos as actividades do LD
- Realizamos as actividades da PD.

Tarefa 7: Árbores autóctonas

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD para estes contidos.

- Realizamos as tarefas do LA.
- Ampliamos os contidos cos recursos da PD: especialmente os xogos tradicionais recollidos nos apartados de Recursos que permiten un traballo de integración dentro do propio grupo e con outros grupos do colexio.
- Realizamos as actividades do LD.

Tarefa 8: Repaso da unidade

- Realizamos as actividades de repaso do LA.
- Realizamos as actividades complementarias da PD.
- Completamos coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Utilización da lámina inicial da unidade para a presentación de contidos.
- Audición das lecturas correspondentes do CD e emprego do libro dixital para realizar as actividades como elementos motivadores.
- Seguemento da lectura que pode ser dramatizada por varios nenos.
- Utilización de diferentes agrupamentos que favorezan o traballo cooperativo e o intercambio de opinións entre os iguais.
- Traballo individual ou en pequeno grupo para afianzar os conceptos da unidade.
- Traballo en grupo cooperativo: agrupar os alumnos en grupos de 3 ou 4 e empregar as estruturas de aprendizaxe cooperativo suxeridas na guía do profesor para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Desenvolvemento de habilidades de expresión oral e escrita mediante a aprendizaxe de xogos, dramatizacións, cancións e poesías da unidade.
- Emprego e fomento do aspecto lúdico e creativo da linguaxe.
- Utilización de diferentes fontes de información para obter información relevante sobre os contidos da unidade.
- Corrección de actividades en gran grupo para detectar os erros máis habituais.

8. RECURSOS

- Cadernos complementarios. Este proxecto ofrece cadernos complementarios de **Aprendo a ler, Aprendo a escribir**.
- Recursos fotocopiáveis da Proposta Didáctica. Para esta unidade podemos atopar recursos fotocopiáveis de Reforzo, Ampliación e Comprensión lectora nos Recursos fotocopiáveis.
- Murais da unidade: *Os insectos. Os reptiles. O sol e a lúa*.

Recursos dixitais

- Libro dixital. Os alumnos e alumnas poderán reforzar os contidos estudados a través do libro dixital. Nel ofrécese a versión en audio do poema ademais de actividades interactivas.

- CD que acompaña a proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.
- A continuación recóllense algúns enlaces web de interese:
 - <http://anayadigital.es>
 - <http://www.orellapendella.org> Esta páxina web recolle infinidade de cantares, enleados, ditos e retrousos populares. Moi ben organizada e con constantes actualizacións.
 - <http://bibliopoemes.blogspot.com.es> Nesta web podemos atopar abundantes recursos poéticos en diversas linguas.

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de Avaliación).
- Proba de avaliación da unidade (nos Recursos fotocopiáveis).

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades observo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais observo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos acadaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o vindeiro curso? Por que?